

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DE RÚAS EN CEA

#### 1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### 2.- Antecedentes

O antecedente da addenda á que se refire a presente memoria é o Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de San Cristovo de Cea para acometer o humanización de rúas do casco antigo, asinado o 23 de xullo de 2025.

#### 3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de San Cristovo de Cea o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dous anos desde a data da súa sinatura.

#### 4.- Obxecto

O obxecto desta addenda é a modificación da cláusula segunda do antedito convenio, co fin de adaptar a contía da axuda ao importe do contrato logo de adxudicarse a obra subvencionada.



## 5.- Fundamentos do instrumento convencional

En cumprimento do compromiso asumido no apartado 6 da cláusula terceira do convenio, o concello aprobou e presentou o 10 de decembro de 2025 a conta xustificativa correspondente á anualidade de 2025 no tempo e na forma prescritos no convenio.

Unha vez revisada e validada a documentación xustificativa a Dirección xeral de Urbanismo procedeu ao aboamento de 244.075,51 €, o 70% do importe total certificado, na conta bancaria indicada polo concello na solicitude de pagamento.

Logo de adxudicada a obra obxecto do acordo, o importe do contrato formalizado acada a contía de 653.773,70 €.

Isto xustifica necesariamente a modificación do importe total establecido na cláusula segunda para adaptar os compromisos de cada unha das partes ao custo máximo das actuacións.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica, A directora xeral de Urbanismo. María Encarnación Rivas Díaz

